



# Boletín de Medio Ambiente

## Encoro Abegondo-Cecebre

**Concellos:** Abegondo, Betanzos, Cambre e Carral

**Características:** Terminado no ano 1976, este encoro regula o caudal dos ríos Mero e Barcés e permite garantir o abastecemento constante á cidade da Coruña e a súa área metropolitana, esta paisaxe ao servizo do abastecemento urbano logrou un alto grao de adaptación natural.

**Curiosidades:** a escasa profundidade do encoro (máximo de 15 metros e media de 6 metros) permiten acoller no seu seo unha nutrida representación de aves acuáticas: patos, garzas, limícolas e mergullóns.



## Noticias

### O Mar Menor se desconecta

Nos últimos 8 anos a canle natural de conexión entre o Mar Menor e o Mar Mediterráneo perdeu preto dun 80% de extensión e máis dun 60% de profundidade. A Manga do Mar Menor é un cordón litoral de entre 100 e 900 metros de ancho e que conta con 4 cortes ao longo dos seus 20 quilómetros de lonxitude.

A conexión co Mediterráneo é necesaria para a vida do Mar Menor, posto que a renovación de auga facilita a regulación de salinidade, temperatura, turbidez e clorofila. E ademais axuda a reducir os altos niveis de nutrientes que a agricultura na zona proporcionoulle nas últimas décadas. Unha redución necesaria debido ás graves consecuencias da eutrofización, florecemento de algas, turbidez de augas e inhabilitade de todo tipo de vida por baixo de metro e medio de profundidade.

Fonte: El País - 1 -

### O pulmón do mundo deixa de purificar o aire

Segundo un estudo publicado na revista Science, e realizado pola Universidade de Boston e o Woods Hole Research Center de Massachusetts, os bosques que se cría absorbían gran parte dos gases de efecto invernadoiro liberados á atmosfera están tan degradados que están a liberar 425 mil millóns de quilogramos de carbono ao ano, que resulta ser máis que as emisións de tráfico de Estados Unidos.

Mediante un estudo de 12 anos nos que se alternou entre imaxes de satélite e traballo de campo, descubriuse a alta degradación que sofren bosques tan importantes como o Amazonas, que ata agora se considerou o pulmón do mundo. Este bosque lendario supón case un 60% das emisións de carbono, mentres que os bosques de África supoñen un 24% e os de Asia un 16%.

Fonte: El Diario

## A UE investirá 560 millóns na conservación dos océanos

Os compromisos da Comisión Europea non só afectan as augas europeas senón os mares de todo o mundo, pois segundo destacaron os portavoces “estar comprometidos cos océanos non só implica actuar a nivel rexional”.

Nesa liña, satélites vixiarán a contaminación de verteduras de petróleo, así como a pesca ilegal, non declarada nin regulamentada, no nordeste do Atlántico, no Mediterráneo, o Báltico, o mar Negro, as zonas do Pacífico onde operan barcos europeos e as augas que rodean as Illas Canarias.

No entanto, a maior partida dos compromisos da UE, máis de 250 millóns, irán financiar a investigación e innovación mariña, con 40 millóns para fomentar o transporte acuático baixo en emisións contaminantes e 30 millóns para promover enerxías limpas no mar.

A UE promete tamén un plan para reducir as verteduras de plásticos e outro para diminuír os desfeitos de buques e residuos de carga como moi tarde a finais de 2017.

Fonte: ABC

## Tallan o xinkgo do xardín de Fonseca

O histórico xinkgo biloba dos xardíns do Pazo de Fonseca no Concello de Santiago, árbore senlleira catalogada polo Decreto 67/2007 da Xunta de Galicia, foi tallado o pasado martes por ameaza de esborralle como consecuencia da súa enfermidade.

Esta situación xa obrigara a pechar o recinto o pasado mes de agosto de forma preventiva.

Fonte: La Voz de Galicia

## Periga o habitat dos osos panda xigantes

En 2016 a categoría do panda xigante na lista Vermella da Unión Internacional para a Conservación da Natureza foi rebaixada desde especie en perigo de extinción a especie vulnerable. Pero un recente estudo mostra que o hábitat no que viven estes animais está a desaparecer.

Fotografías de satélites mostran como a construción de estradas, os terremotos, a agricultura, a intrusión humana, o turismo e a deforestación contribúen desde hai anos á perda de hábitat, e mesmo á desfragmentación ou división destes hábitats, deixando espécimes illados sen que poidan comunicarse ou relacionarse con outros membros da súa mesma especie.

Os expertos agora ven a importancia non só de protexer e conservar ao animal, do que quedan uns 1.800 exemplares en liberdade en China, senón da necesidade de protexer, aumentar e mesmo buscar unha maneira de unir os hábitats xa desfragmentados.

Fonte: BBC

## Sabías que...

1/3 parte dos alimentos producidos a nivel global pérdese ou se desperdicia?

Debes lembrar que 'Mellor consumir antes de', non significa que tes que tiralo ao lixo inmediatamente.

# Boas Prácticas

## Voluntarios para a erradicación de especies invasoras

O CEIDA, Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia, con sede no Castelo de Santa Cruz do Concello de Oleiros, organiza un programa de voluntariado para a erradicación de especies exóticas invasoras nas reservas da biosfera de Galicia.

Os labores se levarán a cabo ao longo do mes de outubro, comezando o día 10 e que eliminará especies invasoras como o fento da auga, a uña de gato, eixeróns e a siempreviva, esta última presente na Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

Fonte: CEIDA

## Un carballo pontevedrés, aspirante a Árbore Española do Ano

O carballo de Santa Margarita foi seleccionado como un dos oito candidatos a ser nomeado "árbore española do ano". Compite con exemplares de Asturias, Valencia, Badaxoz, Ávila, Sevilla, Xaén e Navarra.

Neste caso foi a comunidade de montes de Mourente a que presentou a candidatura ao concurso "como medio para dar a coñecer a situación da árbore e chamar a atención do Bispado e das Administracións Públicas para a proposta de creación dun Padroado para o seu coidado e posta en valor". Xa que se trata da árbore máis famosa de Galicia, con 15 metros de altura, un perímetro de tronco de 8 metros, máis de 500 anos de idade e é "un símbolo cultural, natural, etnográfico, histórico e artístico".

Fonte: La Voz de Galicia

## Quince mozos rehabilitarán a zona do Banquete de Conxo

Desempregados e menores de 30 anos, traballan na rehabilitación dun novo tramo do río Sar, cun alto valor medioambiental, desta vez na contorna do Hospital Provincial de Conxo. Así, realizan traballos de instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes e de colocación de pedra natural.

Acondicionaránse preto de 3 quilómetros de senda e destaca tamén a restauración da ponte e do que será o cenador do Banquete de Conxo.

Fonte: El Correo Gallego

## Axenda Ambiental

- 12/10/2017 – 15/10/2017 Congreso Español de Anelamento Científico de Aves. Murcia
- 14/10/2017 VI Certamen de Boas Prácticas. Educación ambiental e Sostenibilidade urbana en Andalucía.
- 15/10/2017 XI Concurso de Fotografía Ambiental Ambientum

Deputación da Coruña

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente

Email: [desenvolvemento.territorial@dacoruna.gal](mailto:desenvolvemento.territorial@dacoruna.gal)